

22 Febrero de 2016 - Revista 1061

Revista Semanal

da Rede Galega de Información Xuvenil



EN PORTADA / 2

NOVAS FORMACION / 7

BOLSAS E AXUDAS / 10

PREMIOS E CONCURSOS / 20

NOVAS DE EMPREGO / 25

NOVAS DAS CASAS DA XUVENTUDE E OMIX / 35

EN PORTADA

A Xunta de Galicia promove o voluntariado e a solidariedade entre o alumnado de Primaria a través do programa 'Móvete'

Mercores, 17 Febreiro 2016 09:40

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, inicia de xeito experimental o programa "Móvete" de dinamización do voluntariado entre o alumnado dos primeiros cursos de educación Primaria. Este proxecto piloto levarase a cabo en tres centros de ensinanza Infantil e Primaria: o **Virxe da Cela de Monfero**, o das **Fontiñas de Santiago** e o da **Lomba en Vilagarcía de Arousa**. En total, participarán en **Móvete** ata final de curso máis dun cento de nenos e nenas entre os 6 e os 10 anos de idade.

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, inaugurou esta mañá este programa no CEIP Monfero, que "pretende ser un instrumento para a formación integral dos estudantes máis novos a través dos valores asociados ao voluntariado e á solidariedade dende un contexto lúdico e vinculado á música como elemento de motivación", dixo.

Así, este programa conta como base coa canción e o vídeo "**Móvete**" de Paco Nogueiras, a través da que se elaborará unha unidade didáctica de aplicación a través duns obradoiros en cada centro. Os obxectivos da unidade didáctica céntranse na posta en valor da solidariedade e na acción voluntaria como medio para mellorar as realidades dos máis desfavorecidos.

Accións solidarias en cada centro

Nas unidades didácticas cada centro escollerá unha acción solidaria para desenvolver co alumnado, que estará adecuada ás idades do grupo seleccionado e que poderá ser de sensibilización ou dun carácter máis activo, segundo o diagnosticado nos obradoiros iniciais.

Por último, Cecilia Vázquez destacou que "con este proxecto estamos en disposición de ofrecerlles aos mozos e mozas galegos a posibilidades de que desenvolvan un itinerario voluntario completo e continuo". De tal xeito que este itinerario comeza en **Primaria con Móvete**, segue con **Pasaporte Solidario** -dirixido a rapaces de ata 12 anos-, continua coa **Rede de Centros Solidarios** para estudantes de Secundaria, e complétese co **Servizo de Voluntariado Xuvenil**, que se prolonga ata os 30 anos.

Axudas concedidas no programa Iniciativa Xove

Mercores, 17 Febreiro 2016 11:17



iniciativa xove

No **DOG do 17 de febreiro de 2016** publícanse as axudas concedidas durante o ano 2015 no programa **Iniciativa Xove da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado**.

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado entrega as certificacións oficiais aos voluntarios xuvenís do proxecto de apoio á vida independente de Down Vigo

Venres, 19 Febreiro 2016 08:09



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, entregou hoxe a oito mozos e mozas de entre 18 e 30 anos a certificación oficial do proxecto de voluntariado xuvenil de apoio á vida independente realizado en **Down Vigo**. Trátase dun programa que facilitou aos asociados da entidade o proceso de aprendizaxe de habilidades para poder emanciparse.

Galicia é a única comunidade autónoma que, seguindo o modelo europeo, certifica a experiencia voluntaria, unha das grandes novidades e vantaxes que se recolle na **Lei de Acción Voluntaria de Galicia**, o marco legislativo para o voluntariado que aprobou por unanimidade a Parlamento de Galicia en novembro de 2011.

A Consellería de Política Social achegou 4.800 euros para este proxecto a través do **Servizo de Voluntariado Xuvenil**. Un programa que, segundo Cecilia Vázquez, "é pioneiro en toda España onde se conxungan os beneficios da acción voluntaria, como a solidariedade, a sensibilización cos máis vulnerables ou o compromiso coa sociedade, coa importancia que para os propios mozos e mozas ten participar nesta experiencia de educación non formal".

En 2015 o **Servizo de Voluntariado Xuvenil** incorporou en toda Galicia a 830 mozos e mozas como voluntarios en 128 proxectos de entidades de acción voluntaria e concellos, cun investimento global de 500.000 euros. Na cidade de Vigo, o **Voluntariado Xuvenil** desenvolveu un total de sete proxectos nos que participaron 50 voluntarios. No que se refire ao total da provincia de Pontevedra, os proxectos executados foron 22 e os voluntarios xuvenís, 148.

As actividades prioritarias do **Servizo de Voluntariado Xuvenil** foron as de recuperación da cultura, arte e tradicións populares; as actividades con colectivos en situación de risco, colectivos xuvenís ou relacionadas coa igualdade de xénero; os programas de voluntariado no ámbito familiar e os de colaboración nos trazados xacobeos.

O programa Pasaporte Solidario chega á realidade do voluntariado a máis de 1.300 alumnos e alumnas de 24 centros escolares

Luns, 22 Febreiro 2016 09:00



A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, visitou hoxe o IES David Buján de Cambre, para participar nunha **actividade de dinamización da iniciativa Pasaporte Solidario**. Un total de **1.344 alumnos e alumnas de 24 centros escolares de primaria** participan durante este curso escolar neste programa, que ten como principal obxectivo o de promover valores de solidariedade, participación, compromiso social e voluntariado entre a comunidade educativa e favorecer que os escolares se comprometan como voluntarios.

Cecilia Vázquez aproveitou a súa visita a este centro para escoitar propostas que melloren o **Pasaporte**

Solidario, unha iniciativa que cumpre o seu quinto ano de vida; así como para saudar a todo o alumnado participante e manter con el varias reunións coa fin de coñecer de primeira man o desenrolo das distintas actividades.

A directora xeral destacou que *"en Galicia existe un firme compromiso cidadán coa acción voluntaria, que se deixa notar de forma especial entre os máis novos e debemos continuar neste esforzo común para contribuír a fortalecer e a pór en valor o voluntariado dende as idades máis novas"*.

O **Pasaporte Solidario** é un documento cuxas páxinas conteñen propostas de actividades solidarias pensadas tanto para alumnos de primaria como de secundaria. Cada estudante que o solicita -coordinado polo centro- ten que encher o seu pasaporte con certificados que acrediten o cumprimento da actividade solidaria antes de finais de maio. Entre as accións que hai que certificar para cubrir o Pasaporte, atópanse tarefas como acompañar aos maiores, colaborar na casa ou axudar aos compañeiros da clase.

A Consellería de Política Social entrega en Ponteceso 8 diplomas de voluntariado xuvenil, "un programa de educación non formal pioneiro en toda España"

Luns, 22 Febreiro 2016 09:03

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, mantivo esta mañá un encontro centrado no voluntariado con mozos e mozas de Ponteceso e fixo entrega dos diplomas aos voluntarios xuvenís da **Fundación Eduardo Pondal**. En total foron 8 mozos e mozas de entre 18 e 30 anos de idade os que desenvolveron na Fundación pontecesá un proxecto de voluntariado xuvenil de

apoio a varias manifestacións culturais neste municipio, entre elas o **Festiletras**, a **escola de verán**, o **festival Con V de Valarés** ou o **Outono Pondaliano**.

Os voluntarios poderán engadir aos seus currículos as certificacións oficiais das experiencias adquiridas. Galicia é por agora a única Comunidade Autónoma que, seguindo o modelo europeo, certifica a experiencia voluntaria, unha das grandes novidades e vantaxes que se recolle na *Lei de Acción Voluntaria de Galicia*, o marco legislativo para o voluntariado que aprobou por unanimidade o *Parlamento de Galicia* en novembro de 2011.

A *Consellería de Política Social* achegou 4.800 euros para este proxecto a través do *Servizo de Voluntariado Xuvenil*, que segundo Cecilia Vázquez é *"un programa de educación non formal pioneiro en toda España"*. A directora xeral tamén destacou que *"en Galicia existe un firme compromiso cidadán coa acción voluntaria, onde máis de corenta mil voluntarios colaboran asiduamente nos diferentes programas das case novecentas entidades de acción voluntaria rexistradas na nosa comunidade"*.

En 2015 o **Servizo de Voluntariado Xuvenil** incorporou en toda Galicia a **830 mozos e mozas** como voluntarios en **128 proxectos de entidades de acción voluntaria e concellos**, cun investimento global de **500.000 euros**. No total da provincia da Coruña os proxectos executados foron **57** e os voluntarios xuvenís **381**.

As actividades prioritarias do **Servizo de Voluntariado Xuvenil** foron as de recuperación da cultura, arte e tradicións populares; as actividades con colectivos en situación de risco, colectivos xuvenís ou relacionadas coa igualdade de xénero; os programas de voluntariado no ámbito familiar e os de colaboración nos trazados xacobeos.

Política Social participa na xuntanza da rede escolar de centros solidarios que promove a solidariedade, participación, compromiso e voluntariado entre a comunidade educativa

Luns, 22 Febreiro 2016 09:04

A directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, Cecilia Vázquez, participou no serán de hoxe na xuntanza da **Rede Escolar de Centros Solidarios** que está a ter lugar no **colexio compostelán de La Salle**. Unha iniciativa que ten como principal obxectivo promover os valores da solidariedade, participación, compromiso social e voluntariado entre a comunidade educativa -pais, nais, profesorado e alumnado- e favorecer que os escolares se comprometan como voluntarios, a través dunha metodoloxía activa e participativa que fomente o traballo en equipo e achegue ao alumnado a realidade do voluntariado. O programa tamén pretende establecer vínculos entre as organizacións sociais e os centros educativos, e amosar que os mozos e mozas, xa desde a escola ou o instituto, son capaces de ofrecer un servizo valioso e necesario á sociedade.

Na **Rede de Centros Escolares Solidarios** participan este ano un total de **16 centros educativos**, que engloban a un total de **1.537 alumnos** coordinados por **113 docentes**. Cada un dos colexios desenvolve con liberdade o seu proxecto solidario ou programa propio de voluntariado, nunha dobre modalidade.

Os rapaces poden optar por un proxecto único ou ben por un proxecto realizado en colaboración cunha entidade inscrita no **Rexistro de Acción Voluntaria de Galicia**. No primeiro caso, o traballo repercute no mesmo centro ou no seu alumnado, a través dunha serie de accións voluntarias levadas a cabo polos mozos que incidan no coidado das instalacións, deseño de blogs, actividades fóra do centro escolar, elaboración de materiais multimedia, ou no apoio doutros alumnos: nas tarefas escolares, nenos con necesidades específicas, alumnado de novo ingreso. No segundo caso, os mozos e mozas realizan actividades solidarias a favor da entidade de acción voluntaria. As actividades poderán ser moi variadas, e sempre en función da entidade destinataria, como facer unha tómbola para conseguir fondos, organizar unha obra de teatro ou un concerto de panxoliñas no Nadal.

A *Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado* presta apoio e asesoramento aos centros escolares que se adhiren ao programa, que reciben unha unidade didáctica sobre voluntariado elaborada de xeito especial. Esta coordinación complementase con charlas e sesións formativas, ademais de por a disposición dos centros interesados todos os seus recursos e medios técnicos dispoñibles na materia.

Todos os alumnos e alumnas participantes neste proxecto reciben un certificado da *Dirección Xeral* acreditativo da acción voluntaria realizada, que se inscribirá como experiencia voluntaria no **Rexistro de Acción Voluntaria** da **Xunta de Galicia**.

A **Rede de Centros Escolares Solidarios** forma parte do labor de fomento do voluntariado nos máis novos. Os mozos galegos teñen a posibilidade de desenvolver un itinerario voluntario completo e continuo. Un itinerario que comeza co programa **'Móvete'** para os primeiros cursos de primaria, o **Pasaporte Solidario** dirixido a mozos de ata 12 anos, continúa coa **Rede de Centros Solidarios** para estudantes de secundaria, e complétase co **Servizo de Voluntariado Xuvenil**, que se prolonga ata os 30 anos.

Este o **artigo 18** dun total de *104 artigos* co que conta o decreto que recolle as disposicións legais da *Comunidade Autónoma de Galicia* en materia de igualdade.

O texto completo está publicado no **DOG do 17 de febreiro de 2016**.

#ctrlnoneamor

Mercres, 17 Febreiro 2016 08:04



#ctrlnoneamor é un dos proxectos subvencionados pola **programa de Xuventude Iniciativa Xove**. É un proxecto desenvolvido polo grupo informal **Saraiba**. As autoras e autor do manual son **Judith Velasco, Esther Arias, Sandra Carracedo, Raquel Monteserrín, Zoraida Chao, Alba Vázquez** e **Benjamín Salvador**. As ilustracións son de **Judith Velasco**.

<http://saraiba.wix.com/ctrlnoneamor#!blank/tigyq>

Podedes ver o resto dos proxectos subvencionados por **Iniciativa Xove** no **DOG do 17 de febreiro de 2016**.

EN PORTADA NOVAS E ACTIVIDADES

Erradicación de prexuízos nos centros docentes

Mercres, 17 Febreiro 2016 07:18



Artigo 18. Erradicación de prexuízos nos centros docentes:

1. Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
2. De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de mixoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.

Nova edición de Lingua de namorar

Xoves, 18 Febreiro 2016 00:00



A *Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado* e mais a *Secretaría Xeral de Política Lingüística* organizan unha nova edición de **Lingua de namorar**, o concurso de mensaxes de amor en galego dirixido á mocidade.

As mensaxes de amor deberán estar escritas en lingua galega e poderán redactarse en prosa ou en verso. A súa extensión máxima é de 350 caracteres. Cada participante poderá enviar un máximo de dúas mensaxes ao concurso.

Establécense tres premios por cada unha das categorías de idade:

Categoría A (de 14 a 19 anos):

- 1º Smartphone ZTE, 16 GB
- 2º Drone AIRIS con cámara vídeo VGA, xiro 360º, iluminación LED
- 3º Torre de son Bluetooth, 60 W RMS, Mp3

Categoría B (de 20 a 35 anos):


- 1º Cámara réflex Canon EOS 1200D, 18 MPX
- 2º Smartwatch SPC Gold
- 3º Disco duro externo Toshiba 1Tb

O **prazo** para enviar as mensaxes remata o **28 de febreiro de 2016**. Unha vez rematado este **prazo**, abrírase outro para as votacións, que abrangue do **29 de febreiro ao 4 de marzo**. En ambos os casos, cómpre cubrir o formulario de rexistro.

Accede ao formulario de envío de mensaxes e consulta as bases completas do concurso nesta ligazón.

Cibermentores no IES Fin do Camiño de Fisterra

Xoves, 18 Febreiro 2016 08:38



As/os alumnas/os do IES Fin do Camiño de Fisterra, explícanos neste vídeo que son **@s Cibermentores**, e porque pode ser un servizo de apoio básico nos **Centros Escolares**:

https://www.youtube.com/watch?feature=player_embedded&v=grHTMiILsE

Noraboa a todo o alumnado do **IES Fin do Camiño!!**

Xornada informativa programa de mobilidade trasnacional xuvenil (Galeuropa) 2015-2016

Xoves, 18 Febreiro 2016 12:22

A Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado organiza unha **xornada informativa** sobre a convocatoria do **programa de mobilidade trasnacional xuvenil Galeuropa**, un **programa de axudas** para a realización de prácticas formativas non remuneradas en entidades/empresas público ou privadas de países europeos.



A **finalidade do programa** é reforzar a empregabilidade e as competencias profesionais dos mozos/as contribuíndo á mellora da súa formación mediante a adquisición de experiencia profesional para a súa incorporación ao mercado de traballo, ao tempo que se apoia a adquisición de competencias en idiomas estranxeiros.

Esta iniciativa enmárcase dentro do **Programa Operativo de Emprego Xuvenil** cofinanciado pola **Iniciativa Europea de Emprego Xuvenil e o Fondo Social Europeo**.

Data: 26 de febreiro de 2016.

Lugar: Salón de Actos do Museo Pedagóxico de Galicia (MUPEGA). R/ San Lázaro, 107. Santiago.

Destinatarios:

- Beneficiarios/as do programa Galeuropa 2015
- Mozos e mozas maiores de 16 e menores de 30 anos
- Membros de entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades no eido da xuventude
- Técnicos/as de xuventude e de emprego de Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia
- Representantes de empresas interesadas na internacionalización
- Interesados/as en xeral en proxectos de mobilidade

Programa:

10:00 - 10:15 h Inauguración da xornada.

José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social da Xunta de Galicia.
Rubén Urosa Sánchez, director do Instituto da Xuventude de España. Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.
Cecilia Vázquez Suárez, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia.

10:15 h Relatorio sobre o **proxecto SIX+Garantía xuvenil de información** e a inscrición en **Garantía xuvenil** a través dos servizos de información xuvenil.

Relator: *Rubén Urosa Sánchez*, director do Instituto da Xuventude de España.

10:30 h Campaña para a promoción da declaración por Nacións Unidas da Década do Emprego Xuvenil.

Relatora: *Helena Orella Salinas*, directora da Fundación Novia Salcedo.

10:30-11:30 h Compartindo experiencias. Intervencións das entidades, concellos e mozos/as beneficiarios do programa de mobilidade **Galeuropa 2015**.

11:30 - 12:00 h Pausa café.

12:00 - 12:45 h Orientación laboral. Intervención orientadores/as de **Iniciativa Europea de Emprego Xuvenil**.

12:45 - 13:30 h Presentación programa **Galeuropa 2016**.

13:30 h **Clausura da xornada**. *Cecilia Vázquez Suárez*, directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Xunta de Galicia.

Inscripcións: Do 18 ao 25 de febreiro mediante envío de formulario electrónico.

Eu a eso non xogo

Venres, 19 Febreiro 2016 07:56



Eu a eso non xogo é un informe publicado por **Save the children** sobre acoso e ciberacoso.

O acoso é violencia, non son rapazadas.

- **Un 9,3% dos estudantes enquisados** considera que sufriu acoso tradicional nos dous últimos meses. Un 6,9% considérase vítima de ciberacoso.

- **O insulto é a manifestación máis recorrente do acoso:** seis de cada dez estudantes recoñece que alguén lles insultou e máis de dous de cada dez sófrego frecuentemente. Ademais de sufrir insultos directos ou indirectos, un acosado pode ser vítima de rumores, roubo das súas pertenzas, ameazas, golpes ou exclusión.

- **Cando o acoso sucede nas redes, é tamén o insulto a forma de violencia máis recorrente:** un de cada tres nenos e nenas é insultado por internet ou móbil. Un 6,3% recoñece que alguén pirateou a súa conta en redes sociais e fíxose pasar por el ou ela.

- **En canto aos nenos e nenas que acosan,** un 5,4% dos enquisados recoñece acosar a alguén e un 3,3% recoñece ser responsable de ciberacoso.

- **A metade dos enquisados recoñece insultar,** e un de cada tres agrediu fisicamente a outro menor. Un de cada catro insultou usando internet ou o móbil, e case un de cada dez ameazou a outro neno ou nena.

- **Hai máis acoso entre os máis novos,** con máis vítimas de acoso e ciberacoso entre os estudantes de primeiro ciclo da ESO que entre os de segundo ciclo. Tamén son máis os nenos e nenas de primeiro ciclo que se recoñecen como agresores.

- **As mozas saen peor paradas:** un 10,6% sufriron acoso (fronte a un 8% de mozos), e un 8,5% ciberacoso (un 5,3% de mozos). Ademais, entre eles é maior a porcentaxe dos que se recoñecen como agresores: un 6,3% dos nenos acosou a outro menor de idade fronte a un 3,5% das nenas. Esta diferenza persiste respecto ao ciberacoso: un 4,5% dos nenos foi ciberagresor fronte a un 3% delas.

- **As razóns que están detrás dos malos tratos son confusas.** As vítimas repiten principalmente tres razóns polas que son acosadas: para ser molestadas, polo seu aspecto físico ou porque lles teñen teima. Especialmente destacable é que os nenos e nenas que agrediron responderon maioritariamente non saber por que exercían este tipo de violencia sobre os seus compañeiros. A segunda causa máis declarada para o acoso tradicional é gastarlle unha broma.

- **Un 3,2% das vítimas de acoso** e un 4,2% das que sufriron ciberacoso consideran que foron vítimas debido á súa orientación sexual. Un 5,1% e un 5% declaran que o motivo foi a súa cor de pel, cultura ou relixión.

- **Aos nenos e nenas enquisados tamén se lles preguntou como se enfrontaban a estas situacións e identificáronse cinco estratexias diferentes:** pedir axuda, xestión interna (controlar a situación internamente pensando noutra cousa), reevaluación (ver o abuso desde o humor ou de forma positiva), enfrontalo negativamente (facendo o mesmo a outros ou consumindo algún tipo de sustancia psicoactiva), e, por último, evitación (apagar o móbil ou irse). Nelas son máis as que buscan axuda ou controlan internamente a situación (pensando noutra cousa, en que se vai a arranxar...); neles priman os que se enfrontan ou reevalúan o acoso (véndoo desde o humor, como unha broma...).

- **Fronte ao ciberacoso** os estudantes de primeiro ciclo de ESO usaron como estratexia en maior medida a xestión interna, mentres que os de segundo ciclo usaron máis o enfrontamento.

- **Tanto as vítimas como os que agriden mostran escasa autoestima.** Entre os nenos e nenas que declaran acosar a outro menor de idade, detéctase, ademais, menor empatía cognitiva e afectiva, menos asertividade e unha máis baixa capacidade para resolver conflitos.

En Galicia o porcentaxe de nenas e nenos vítimas ocasionais de acoso é dun 7%, mentres que no resto das comunidades oscila entre un 5 e un 11%, mentres que as vítimas de acoso frecuente é dun 1,4%, cifra que no resto de comunidades oscila entre un 0,6 e un 2,8%.

"**YO A ESO NO JUEGO**" informe sobre acoso e ciberacoso realizado polo departamento de **Psicoloxía da Universidade de Córdoba** para **Save the Children**.

Modelo de protocolo de actuación ante o acoso e ciberacoso proposto por Save the children.

Video de Manzaneda feito por Correspondentes do IES Saturnino Montojo de Ferrol

Venres, 19 Febreiro 2016 13:10



Aquí podedes ver o video que realizaron os/as **Correspondentes Xuvenís do IES Saturnino Montojo de Ferrol** sobre o *fin de semana de Manzaneda*.

Enlace para ver o video: <http://1drv.ms/1Kunnwf>

Estupendo traballo!!

Correspondentes Xuvenís do IES Porto do Son

Luns, 22 Febreiro 2016 11:47



As alumnas *Laura, Marta, Ana, Nerea, Sheila, Elena, Alba e Diana* son as **Correspondentes Xuvenís do IES de Porto do Son**, colabora con elas *Silvia*, alumna da aula específica.

O seu lema é: **"XUVENTUDE, INFÓRMATE E FÓRMATE"**.

Parabéns ao seu traballo!!

NOVAS FORMACION

OUTROS CURSOS

MOOC: Ser máis creativos (Coursera)

Martes, 16 Febreiro 2016 12:15

ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE: Universidade Nacional Autónoma de México.

DESTINATARIOS: Non o especifica.

DATA LÍMITE: Auto estudo.

Todos podemos potenciar nosa creatividade a través de procedementos, rutinas e protocolos sinxelos. Neste curso desenvolveremos estes coñecementos e habilidades a través de retos que activan os nosos talentos para atopar solucións orixinais.

Claro que todos podemos potenciar nosa creatividade a través de procedementos, rutinas e protocolos sinxelos! O participante desenvolverá o seu talento creativo para aportar solucións orixinais e xerar ideas e produtos no ámbito en que se desenvolve e na vida cotiá.

FONTE, PAGINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO: <https://www.mooc-list.com/course/ser-m%C3%A1s-creativos-coursera?static=true>

'E3! Constrúe connosco o futuro': Proxecto de emprendimiento para mozos titulados/as

Mercores, 17 Febreiro 2016 08:30

1.- CONVOCANTE

Mondragon Unibertsitatea ; BAC Business Acceleration Center.

2.- DESTINATARIOS

Para participar no proxecto os candidatos deben estar desempleados (e inscritos no fichero do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil), ter máis de 16 anos e menos de 30 anos e dispoñer dunha titulación oficial universitaria, titulación de FP de grado medio ou superior.

3.- DATAS LÍMITE

15/03/2016

4.- MÁIS INFORMACIÓN

O proxecto E3! parte da constatación de que existe un importante capital humano composto por persoas novas en paro, con alta formación técnica e universitaria, e capaces de protagonizar experiencias emprendedoras. O proxecto, que conta co apoio do Fondo Social Europeo, conta con empresas vascas comprometidas co emprendimiento e que propuxeron proxectos de novos negocios de base tecnolóxica susceptibles de ser desenvolvidos neste marco. Estas empresas ademais de participar na selección de candidatos acollerán ás persoas promotoras.

O BAC de Mondragon e a Escola Politécnica Superior de Mondragon Unibertsitatea consideran que esta iniciativa permitirá aos mozos adquirir experiencia e capacitación protagonizando experiencias reais de emprendimiento, acceder a empresas comprometidas co emprendimiento de novos negocios, coñecer a outras persoas coa mesma inquietude e paixón polo emprendimiento de novos negocios e eventualmente daralles a posibilidade de reconducir a súa carreira profesional colaborando en iniciativas empresariais con potencial de futuro.

Os interesados poden enviar o seu curriculum a [[mailto: e3.mgep@mondragon.edu](mailto:e3.mgep@mondragon.edu)] e3.mgep@mondragon.edu ou chamar ao tfno. 943739714.

5.- FONTE, PAGINA WEB Ou PERSOA DE CONTACTO

<http://www.mondragon.edu/es/eps/actualidad/noticias/mu-bac-desempleados>

MEDIA TALENT

Venres, 19 Febreiro 2016 08:08

ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE: Vigo Filme Commission

DESTINATARIOS:

Esta actividade ao estar auspiciada pola Dirección Xeral de Migracións do Ministerio de Emprego e Seguridade Social do Goberno Español, vai dirixida a cidadáns españois ou con dobre nacionalidade unha delas deberá ser a española-, residentes no estranxeiro que acrediten a súa residencia antes do 15 de abril de 2015 e que sexan menores de 35 anos.

DATA LÍMITE: Ata o 20 de marzo.

Trátase dunha nova actividade do *Programa Novos da Dirección Xeral de Migracións do Ministerio de Emprego e Seguridade Social* do Goberno de España. Este proxecto pretende apoiar aos emprendedores audiovisuais.

Media Talent desenvolverase a través do uso dunha plataforma de eleformación, asesoramiento e tutorización on-line, onde os participantes poderán acceder a contidos, ampliar a súa formación e desenvolver o seu proxecto emprendedor dentro deste sector, que posibilitará que os participantes poidan mellorar o seu empleabilidade nun sector en continuo crecemento. Traballarase tamén en facilitar a incorporación ao mercado laboral dos mozos facilitando a cooperación dos participantes con entidades referentes do sector audiovisual nos países de residencia así como en España, para o que se creará unha bolsa de traballo onde os participantes poderán deixar o seu videocurriculum empresarial.

O programa pretende favorecer o emprego dos mozos profesionais nun sector onde a cooperación entre países xoga un papel fundamental na creación e comercialización de produtos audiovisuais.

www.mediatalent.eu

Construíndo relacións afectivas e vínculos amorosos para o bo trato

Venres, 19 Febreiro 2016 11:41

InteRed Galicia organiza o obradoiro práctico: Construíndo relacións afectivas e vínculos amorosos para o bo trato.

Imparte: Tareixa Ledo Regal. Formada en Terapia de Reencontro (Universidade de Alcalá de Henares). Máster en Autoconecemento, sexualidade e relacións humanas. Máster en Educación Sexual e Terapia Sexual. Experta en Coordinación de Grupos Comunitarios.

Datas: Xoves: 3, 17 e 31 marzo; 7 e 21 abril; 5 e 19 maio e 2 xuño 2016.



Horario: de 17 a 20 h.

Lugar de realización: Asociación ADICAM. Cangas de Morrazo. Pontevedra.

Pode participar calquera muller interesada no tema.

Matricula aberta ata o día **29 de febreiro 2016**.

Prezo: 50 €.

Inscripcións: InteRed Galicia. Praza do Matadoiro 7. Baixo. Santiago de Compostela . Tfn. 981 587 966.

galicia@intered.org

<http://www.intered.org/>

MEDIA TALENT

Venres, 19 Febreiro 2016 08:08



ENTIDADE ORGANIZADORA/ CONVOCANTE

Vigo Filme Commission

DESTINATARIOS:

Esta actividade ao estar auspiciada pola Dirección Xeral de Migracións do Ministerio de Emprego e Seguridade Social do Goberno Español, vai dirixida a cidadáns españois ou con dobre nacionalidade unha delas deberá ser a española-, residentes no estranxeiro que acrediten a súa residencia antes do 15 de abril de 2015 e que sexan menores de 35 anos.

DATA LÍMITE:

Ata o 20 de marzo

Trátase dunha nova actividade do *Programa Novos da Dirección Xeral de Migracións do Ministerio de Emprego e Seguridade Social* do Goberno de España. Este proxecto pretende apoiar aos emprendedores audiovisuais.

Media Talent desenvolverase a través do uso dunha plataforma de eleformación, asesoramento e tutorización on-line, onde os participantes poderán acceder a contidos, ampliar a súa formación e desenvolver o seu proxecto emprendedor dentro deste sector, que posibilitará que os participantes poidan mellorar o seu empleabilidade nun sector en continuo crecemento. Traballarase tamén en facilitar a incorporación ao mercado laboral dos mozos facilitando a cooperación dos participantes con entidades referentes do sector audiovisual nos países de residencia así como en España, para o que se creará unha bolsa de traballo onde os participantes poderán deixar o seu videocurrículum empresarial.

O programa pretende favorecer o emprego dos mozos profesionais nun sector onde a cooperación entre países xoga un papel fundamental na creación e comercialización de produtos audiovisuais.

www.mediatalent.eu

Curso de iniciación a lingua de signos española

Luns, 22 Febreiro 2016 09:02



CURSO DE INICIACIÓN A LINGUA DE SIGNOS ESPAÑOLA

15 EUROS MES

XARELA
Formación-Animación

TODOS OS MÉRCORES DE MARZO, ABRIL E MAIO DE 18:00H A 20:00H

Información e inscrición: Asociación XARELA Formación-Animación
Rúa Nuño de Ousende nº 4 baixo (Ourense)
Tf 988 25 08 47 xarela.formacion.animacion@gmail.com

A **Asociación Xarela Formación-Animación** organiza un curso de Lingua de signos en Ourense.

Datas: os mércores de marzo, abril e maio de 18:00 a 20:00 h.

Prezo: 15 €/mes

Máis información na Asociación Xarela. R/ Nuño de Ousende 4 baixo. Ourense

Teléfono: 988 250 847

xarela.formacion.animacion@gmail.com

<http://www.xarela.com/>

Curso avanzado de especialización orquestral

Luns, 22 Febreiro 2016 10:50

A **Escola de Altos Estudos Musicales de Galicia** convoca un curso avanzado de especialización orquestral, ofertase 18 prazas:



Violín 6
Viola 2
Violonchelo 2
Contrabajo 1
Oboe 1
Fruta 1
Clarinete 1
Fagot 1
Trompa 1
Trompeta 1
Percusión 1

Beneficiarios: Instrumentistas das especialidades ofertadas en posesión de titulación superior.

Requisitos:

a) **Idade:** Poderán inscribirse aqueles candidatos nados a partir do 1/10/86

b) Estar en posesión do título de Grao Superior ou certificación de estudos que corresponda e que acredite a finalización dos estudos musicais ou ben que se encontre en trámites de finalización. Neste último caso, o alumno deberá posuír a condición de titulado superior antes do 31 de decembro de 2016.

Duración do curso: O programa terá unha duración total dun ano académico, dende o 1 de outubro de 2016 ata o 30 de xuño de 2017.

Inscrición: As solicitudes poderán presentarse ata o día 20 de maio de 2016 a través da páxina web <http://www.eaem.es/>

Máis información en <http://www.eaem.es/>

NOVAS FORMACION

CURSOS DE TEMPO LIBRE

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Ames

Luns, 22 Febreiro 2016 08:38

A **Escola Rural de tempo libre** organiza un curso de monotor/a de actividades de tempo libre en Ames.

Datas: do 19 de marzo ao 15 de maio de 2016.



Marzo: 19.20.24.25.26.27

Abril: 2.3.9.10.16.17.23.24.30

Maior: 1.7.8.14.15

Horario: de 9 a 14:00 e de 16:00 a 21:00 h.

Prezo: 172 €

Lugar: Centro de formación Aldea Nova. R/Costaneira 2. Urbanización Aldea Nova. Ames

Máis información na Escola Rural de Tempo libre. Teléfono 606 083 229 e 982 804 149 (en horario de oficina)

<http://www.escolaruraldetempolibre.org/>

Curso de Monitor/a de actividades de tempo libre en Foz

Luns, 22 Febreiro 2016 08:41



A **Escola Rural de tempo libre** organiza un **curso de monitor/a de actividades de tempo libre en Foz**.

Datas: do 27 de febreiro ao 4 de abril de 2016.

Máis información na Escola Rural de Tempo libre. Teléfono 982 804 149 (en horario de oficina)

<http://www.escolaruraldetempolibre.org/>

BOLSAS E AXUDAS → CONVOCATORIA XERAL

Programa de Pasantías OIJ

Mercores, 17 Febreiro 2016 14:28



A **Organización Iberoamericana de Mocidade** impulsa un novo "**Programa de Pasantías OIJ**" que ten como obxectivo principal vincular o quefacer da institución a mozos profesionais dándolles a oportunidade de gañar experiencia laboral relacionada cos seus estudos académicos e ampliar as súas futuras oportunidades de traballo en áreas vinculadas coa Mocidade.

Ao comezo da pasantía, coordinarase conxuntamente un cronograma de actividades, con obxectivos, metas e produtos a entregar, que servirá como guía para a avaliación do proceso por parte do Organismo.

O **Programa de Pasantías OIJ** prevé o desenvolvemento de actividades entre 3, 6 e 12 meses, representando unha disposición horaria de 25 a 30 horas semanais.

Áreas: Cooperación Internacional, de Innovación, de Comunicación, de Relacións Institucionais, de Protocolo e Eventos e de Administración.

Convoca: Organización Iberoamericana de Mocidade (OIJ)

Requisitos:

Mozos ata os 35 anos de idade.

Nacionalidade dun dos países que conforman o espazo iberoamericano.

Título universitario especificado en cada área, cursando ou egresado de Mestría ou Doutoramento.

Manexo fluído de español e inglés. O coñecemento doutras linguas, en especial o portugués, valorarase positivamente.

Manexo de Microsoft Office.

Dotación: O Programa de Pasantías OIJ ofrecerá un apoio ao estudo por valor de 500 euros.

Máis información: Programa de Pasantías OIJ. [@OIJ_DIGITAL](https://twitter.com/OIJ_DIGITAL)

Convocadas 1.000 bolsas Santander Universidades

Xoves, 18 Febreiro 2016 09:54

BECAS IBEROAMÉRICA
Estudiantes de Grado

Santander
UNIVERSIDADES

O **Banco Santander Universidades**, convoca estas bolsas coa finalidade de promover o intercambio de estudantes de universidades españolas e de iberoamérica.

O países de destino son *Arxentina, Brasil, Chile, Colombia, México, Perú, Portugal, Puerto Rico e Uruguay*. A estancia e estudos na universidade de destino será no período comprendido entre o **1 de xullo de 2016** e o **31 de agosto de 2017**.

O importe das bolsas será de 3.000 euros.

Máis información:

Becas Santander Iberoamérica. Estudiantes de Grado; <https://becas.agora-santander.com/user/grado2016/home>

Twitter: @Agora_Santander

Bolsas de Verán 2016 de investigación en Química da USC

Venres, 19 Febreiro 2016 12:08

A **Universidade de Santiago de Compostela** convoca **10 bolsas** cunha dotación de 700 euros/mes e cunha duración entre 4 e 6 semana comprendidas entre o **20 de xuño e o 29 de xullo**.

